

Prazos fondo solidario de libros de texto e nas axudas para adquirir libros de texto e material escolar.

1. Solicitudes de participación no fondo solidario de libros de texto e nas axudas para adquirir libros de texto e material escolar

- a. O prazo para presentar solicitudes iniciárase o día seguinte da publicación desta orde no *Diario Oficial de Galicia* (21/05/19) e **rematará o día 21 de xuño de 2019 (este incluído)**.
- b. O alumnado que, unha vez transcorrido o prazo indicado, se incorpore a un centro docente sostido con fondos públicos procedente de fóra de Galicia ou dun centro situado en Galicia pero non sostido con fondos públicos poderá presentar a solicitude no prazo dun (1) mes contado a partir do día seguinte á formalización da matrícula. Non se poderán presentar solicitudes despois do 31 de marzo de 2020.
- c. O alumnado que **repita 4º da ESO no curso 2019/20**, cando non tivese presentado solicitude de participación no fondo solidario e a solicitude para adquirir material escolar no prazo indicado, tamén poderá presentala no prazo **dun (1) mes desde a formalización da matrícula**.

2. Fondo libros solidarios.

- Para publicar as listaxes provisionais (EP e ESO): o **10 de xullo de 2019**.
- Reclamación á publicación da listaxe provisional: **11 e 12 de xullo de 2019**.
- Para publicar as listaxes definitivas:
 - De EP (3º, 4º, 5º e 6º): o **16 de xullo de 2019**.
 - De ESO: o **13 de setembro de 2019**.

3. Axudas para adquirir libros de texto e material escolar

- O centro docente publicará no taboleiro de anuncios a relación de solicitudes pendentes de emendar con indicación das deficiencias ou documentación da que carezan, se prexuízo de que poida facer notificacións individualizadas.
- Cando o centro docente detecte deficiencias na solicitude ou na documentación que a acompañe que impidan validalas, requirirá a persoa solicitante para que **no prazo de dez (10) días emende as deficiencias** ou remita os documentos preceptivos.
- Quedarán excluídas as solicitudes que non se puidesen validar por estar presentadas fóra de prazo, por falta de emenda das deficiencias da solicitude e/ou da documentación ou por falta da devolución dos libros de texto recibidos do fondo solidario ou adquiridos coa axuda no curso 2018/19.